

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN

**9274** *Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo.*

Os artigos 89 e 90 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, establecen, respectivamente, na súa fase de tramitación e para a determinación da súa validez, o cumprimento de determinados requisitos de rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo.

O Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo, regulaba ata agora o procedemento establecido para o efecto, pero quedou obsoleto ante a realidade da Administración electrónica, sen prexuízo de que subsistan as razóns que o fundamentan en canto ás necesidades de planificación e execución da política económica e social, así como as obrigas estatísticas cos diversos organismos internacionais.

Xa a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, anticipou a necesidade de inserir plenamente estes novos instrumentos na actividade administrativa, instando, desde o seu artigo 45, a que se promova a incorporación de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas no desenvolvemento da súa actividade e no exercicio das súas competencias.

Posteriormente, a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, ten como obxectivo que o 1 de xaneiro de 2010 naza a «Administración electrónica» e establece o dereito dos cidadáns a realizar por medios electrónicos as mesmas xestións que se poden levar a cabo de forma presencial.

Con esta norma, procédese, en primeiro lugar, a desenvolver o establecido no artigo 90.2 do Estatuto dos traballadores e a regular o rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo. Así mesmo, efectúase a adaptación á Administración electrónica.

Os rexistros de convenios e acordos colectivos de traballo que se regulan nesta norma non son rexistros electrónicos no sentido legal dese termo, senón que constitúen rexistros específicos de convenios e acordos colectivos con funcionamento mediante medios electrónicos. Desta forma, os representantes dos traballadores e os representantes empresariais afectados, na súa maioría comisións negociadoras destes, deberán solicitar a inscrición dos convenios e demais actos inscricións por medios electrónicos e con isto, en definitiva, lograr unha maior axilidade e eficacia da actuación administrativa.

Neste contexto, a presentación da solicitude de rexistro dos convenios colectivos e demais actos inscricións por medios electrónicos require a existencia de aplicacións informáticas que se ocupen da súa recepción e tratamento. Débese pór de manifesto que a citada Lei 11/2007, do 22 de xuño, prevé, con carácter básico, que as administracións públicas poidan establecer a obrigatoriedade de que as comunicacións se fagan por medios electrónicos, así como o contido mínimo das comunicacións e as notificacións electrónicas.

Este real decreto ten como fundamento a efectiva realización dos dereitos recoñecidos na Lei 11/2007, do 22 de xuño, ao implantar a Administración electrónica na totalidade do procedemento administrativo de rexistro e inscrición dos convenios e acordos colectivos de traballo.

As medidas contidas no real decreto estrutúranse en tres capítulos.

O capítulo I delimita o obxecto da norma e define todos aqueles acordos ou actos inscricións susceptibles de seren rexistrados electronicamente. Por outra parte, establécese a obriga, por parte do Ministerio de Trabajo e Inmigración así como das restantes autoridades laborais con competencias en materia de convenios colectivos de traballo, de dotar cada unha delas do seu propio rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo.

O capítulo II do real decreto regula o procedemento de inscrición a través de medios electrónicos dos convenios colectivos de traballo e demais actos inscribíbles, determina, así mesmo, a documentación e os datos estatísticos que se deben remitir aos ditos rexistros para que a solicitude de inscrición sexa tramitada e efectúa unha adaptación das actuais follas estatísticas co fin de dispor dunha mellor información. Este real decreto incorpora a utilización da sinatura electrónica para a presentación dos documentos necesarios no expediente.

O capítulo III crea unha base de datos central de convenios e acordos colectivos de traballo, cuxa xestión corresponde ao Ministerio de Traballo e Inmigración e ao cal as autoridades laborais competentes en materia de convenios colectivos deben remitir os asentos electrónicos practicados en cada un dos seus respectivos rexistros.

As organizacións empresariais e sindicais máis representativas foron consultadas.

Así mesmo, foron consultadas as comunidades autónomas.

A Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais, na súa reunión que tivo lugar o día 19 de xaneiro, foi informada deste real decreto.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Inmigración, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de maio de 2010,

DISPOÑO:

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto a regulación do rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo e o seu funcionamento a través de medios electrónicos, así como a inscrición e depósito dos convenios e acordos colectivos de traballo.

#### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Serán obxecto de inscrición nos rexistros de convenios e acordos colectivos de traballo das autoridades laborais competentes os seguintes actos inscribíbles:

a) Os convenios colectivos de traballo elaborados conforme o establecido no título III do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, así como as revisións salariais que se realicen anualmente nos convenios plurianuais e as motivadas por aplicación das cláusulas de «garantía salarial», as modificacións e as prórrogas dos convenios.

b) Os acordos interprofesionais, os acordos marco e os acordos sobre materias concretas a que se refire o artigo 83 do mesmo texto legal.

c) Os acordos das comisións paritarias de interpretación de cláusulas determinadas do convenio colectivo.

d) Os acordos de mediación como consecuencia da interposición de conflito colectivo, así como os de fin de folga.

e) Os acordos de adhesión a convenios en vigor.

f) Os acordos sectoriais que establecen os termos e condicións que deben seguir os plans de igualdade nas empresas, os acordos que aproben plans de igualdade nas empresas afectadas pola negociación colectiva sectorial, así como os acordos que aproben plans de igualdade derivados do convenio colectivo de empresa.

g) Os acordos establecidos en empresas españolas de dimensión comunitaria ou mundial cando así se estableza na normativa de aplicación.

h) Calquera outro acordo ou laudo arbitral que teña legalmente recoñecida eficacia de convenio colectivo ou que derive do establecido nun convenio colectivo.

2. Tamén serán obxecto de inscrición as comunicacións de iniciativa mencionadas no artigo 89.1 do Estatuto dos traballadores e as denuncias previstas no seu artigo 86.

3. Así mesmo, serán obxecto de inscrición:

a) As comunicacións da autoridade laboral á xurisdición competente nos supostos do artigo 90.5 do Estatuto dos traballadores, así como as sentenzas recaídas nos ditos procedementos.

b) As sentenzas da xurisdición competente que interpreten normas convencionais, resolvan discrepancias xurdidas en conflito colectivo ou se diten como consecuencia da impugnación dun convenio colectivo.

c) As disposicións sobre extensión dun convenio, previstas no artigo 92.2 do Estatuto dos traballadores.

### Artigo 3. *Rexistros de convenios e acordos colectivos de traballo.*

1. Créase o Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo de ámbito estatal ou supraautonómico, con funcionamento a través de medios electrónicos, adscrito á Dirección Xeral de Traballo do Ministerio de Traballo e Inmigración como autoridade laboral competente.

Corresponde a este rexistro, no ámbito das competencias da Administración xeral do Estado, a inscrición dos actos inscribibles previstos no artigo 2 deste real decreto, de ámbito estatal ou supraautonómico.

2. As comunidades autónomas crearán e regularán rexistros de convenios e acordos colectivos de traballo con funcionamento a través de medios electrónicos no ámbito das súas competencias.

Igualmente, existirá un rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo con funcionamento a través de medios electrónicos nas áreas funcionais de Traballo e Inmigración das cidades de Ceuta e Melilla.

### Artigo 4. *Natureza xurídica.*

Os rexistros regulados neste real decreto son rexistros administrativos de carácter público e funcionamento a través de medios electrónicos e non teñen a natureza de rexistros electrónicos a que se refire a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Os datos inscritos nos ditos rexistros son de acceso público excepto os relativos á intimidade das persoas, que gozan da protección e das garantías previstas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

### Artigo 5. *Soporte informático da base de datos central de convenios e acordos colectivos de traballo.*

1. A Administración xeral do Estado, a través do Ministerio de Traballo e Inmigración, obrígase á creación, desenvolvemento, xestión e mantemento dunha aplicación informática que dará cobertura a unha base de datos central de convenios e acordos colectivos de traballo.

2. Esta aplicación informática constituirá, ademais, o soporte informático do rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo xestionado pola Dirección Xeral de Traballo do Ministerio de Traballo e Inmigración como autoridade laboral competente.

## CAPÍTULO II

**Regulación do procedemento de inscrición de convenios e acordos colectivos de traballo**Artigo 6. *Solicitud de inscrición.*

1. Co fin de iniciar o trámite previsto no artigo 90.2 do Estatuto dos traballadores, así como para proceder á inscrición do resto dos acordos e actos inscribíbles previstos no artigo 2 deste decreto, dentro do prazo de quince días a partir da sinatura do convenio ou acordo colectivo, da data de comunicación de iniciativa de negociacións ou denuncia, a comisión negociadora ou quen formule a solicitude, debidamente acreditada, deberá presentar través de medios electrónicos ante o rexistro da autoridade laboral competente a solicitude de inscrición correspondente.

Para estes efectos, serán solicitantes da inscrición:

- a) Convenio ou acordo: a persoa designada pola comisión negociadora.
- b) Acordos das comisións paritarias: a persoa designada pola comisión paritaria.
- c) Os laudos arbitrais e os acordos de mediación: a persoa designada pola comisión negociadora que acordase someterse a eles. Non obstante, se estes se acordaron no seo dun sistema de mediación ou arbitraje, o órgano de dirección do organismo correspondente.
- d) Acordos en conflitos colectivos ou de fin de folga: a persoa designada polas partes en conflito.
- e) Comunicacións do artigo 89.1 e as denuncias do artigo 86 do Estatuto dos traballadores: quen formulase a comunicación ou denuncia.
- f) Nos casos de comunicacións de sentenzas: a parte lexitimada conforme o texto refundido da Lei de procedemento laboral, aprobado polo Real decreto legislativo 2/1995, do 7 de abril, que impugnase un convenio colectivo, ou a parte lexitimada conforme a dita lei que interpuxese conflito colectivo.
- g) As extensións dos convenios: a parte que solicitase a extensión.

2. Na solicitude de inscrición do convenio colectivo ou, se for o caso, dos acordos sinalados no artigo 2.1 deste real decreto, deberánse facilitar todos aqueles datos relativos ás partes asinantes do acordo ou acto para o cal se solicita a inscrición e a data da sinatura, así como, se for o caso, os relativos ao seu ámbito persoal, funcional, territorial e temporal e a actividade ou actividades económicas cubertas por estes, conforme se establece no anexo 1 deste real decreto.

3. Así mesmo, deberánse cubrir os datos estatísticos recollidos nos modelos oficiais que figuran no anexo 2 deste real decreto, para efectos de elaboración da estatística de convenios colectivos.

- Anexo 2.I Folla estatística de convenios colectivos de empresa
- Anexo 2.II Folla estatística de convenios colectivos de sector
- Anexo 2.III Revisión por cláusula de «garantía salarial»
- Anexo 2.IV Revisión salarial anual dos convenios plurianuais ou das prórrogas de convenios para os sucesivos anos de vixencia.

Os anexos 2.I e 2.II deben ser cubertos obrigatoriamente polas comisións negociadoras no momento da sinatura do convenio. Nos convenios plurianuais, cubriranse os citados anexos cos datos acordados para a vixencia total do convenio e, respecto aos datos variables (aumento salarial, xornada, cláusula de garantía salarial, número de traballadores afectados, etc.), exclusivamente os correspondentes ao primeiro ano de vixencia.

O anexo 2.III cubrirase exclusiva e obrigatoriamente para notificar as revisións salariais motivadas pola aplicación da cláusula de «garantía salarial» cando esta tivo efectos retroactivos sobre os salarios pactados e aplicados ao principio de cada período.

O anexo 2.IV cubrirase exclusivamente nos sucesivos anos de vixencia dos convenios plurianuais ou das prórrogas de convenios. É obrigatorio cubri-lo ao principio de cada un dos anos ou períodos, cos datos variables citados, tanto se se acordaron no momento de sinatura do convenio como se son obxecto de negociación ou concreción posterior mediante un acto expreso da comisión a que o convenio atribúe esta misión.

4. Tamén deberán ser cubertos pola autoridade laboral competente os datos estatísticos e identificativos previstos nos anexos 1 e 2 deste real decreto, correspondentes ás extensións de convenios, recollidas no seu artigo 2.3 c).

#### Artigo 7. *Documentación adxunta.*

1. Xunto coa solicitude de inscrición a que se refire o número 1 do artigo anterior deberase presentar tamén a través de medios electrónicos a seguinte documentación:

a) Texto orixinal do convenio, acordo ou comunicación asinado polos compoñentes da comisión negociadora ou da parte que formula a solicitude.

b) Para a inscrición dos acordos a que se refire o artigo 2.1. a), b) e e) deste real decreto deberanse presentar as actas das distintas sesións realizadas, incluíndo as referentes ás de constitución da comisión negociadora e de sinatura do convenio, con expresión das partes que o subscriban.

2. No caso das extensións de convenios previstas no artigo 2.3.c) deste real decreto, requirirase a través de medios electrónicos a documentación prevista no artigo 4 do Real decreto 718/2005, do 20 de xuño, polo que se aproba o procedemento de extensión de convenios colectivos.

#### Artigo 8. *Tramitación do procedemento de inscrición.*

1. A solicitude de inscrición dirixirase ao rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo da autoridade laboral que teña atribuídas competencias en materia de convenios colectivos de traballo mediante a conexión electrónica que cada Administración estableza nas disposicións de desenvolvemento deste real decreto.

A solicitude de inscrición dos convenios e acordos colectivos de traballo cuxa competencia corresponda ao Ministerio de Traballo e Inmigración dirixirase ao Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo mediante a conexión electrónica que para tal efecto se estableza, utilizando os formularios automáticos previstos especificamente para isto.

2. Se, presentada a solicitude, se comproba que esta non reúne os requisitos exixidos pola normativa vixente, requirirase o solicitante por medios electrónicos para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se terá por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Comprobado que o convenio ou acordo colectivo non vulnera a legalidade vixente nin lesiona gravemente o interese de terceiros, a autoridade laboral competente procederá a ditar resolución en que se ordene o seu rexistro, depósito e publicación no boletín oficial correspondente

#### Artigo 9. *Cómputo de prazos.*

A aplicación informática que dea soporte aos rexistros de convenios e acordos colectivos permitirá a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións todos os días do ano, durante as vinte e catro horas, e para tal efecto mostrará a data e hora oficiais do momento da súa presentación.

Para os efectos de cómputo de prazos, a presentación dunha solicitude nun día inhábil entenderase efectuada na primeira hora do día hábil seguinte, aínda que no asento constará a data e a hora en que efectivamente se recibiu o documento.

O calendario de días inhábiles para os efectos destes rexistros será o que determinen cada ano as autoridades competentes en cada un dos boletíns oficiais, de acordo co disposto no artigo 48.7 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 10. *Sistema de consulta e seguimento na tramitación.*

1. Terán a condición de interesados aqueles que reúnan os requisitos previstos no artigo 31 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Unha vez presentada a solicitude de rexistro, o solicitante poderá consultar e facer seguimento do expediente, de conformidade co establecido no artigo 6.2 d) da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos en relación co artigo 35. a) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. En todo caso o interesado será informado en relación:

- a) Coa data da solicitude.
- b) Co estado do expediente administrativo asociado á solicitude.
- c) Co establecido no artigo 42.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 11. *Comunicacións de oficio.*

No suposto de que a autoridade laboral efectuase de oficio a comunicación a que se refire o artigo 90.5 do Estatuto dos traballadores, ao facer constar tal feito no correspondente asento electrónico farase mención expresa das normas que se consideren conculcadas ou dos intereses de terceiros presuntamente lesionados, e estas circunstancias deberán constar, así mesmo, na notificación que se practique á comisión negociadora. No referente ao rexistro definitivo e publicación do convenio ou acordo colectivo, observarase o que dispoña a sentenza do órgano xudicial, cuxo contido se reflectirá, así mesmo, no rexistro.

Artigo 12. *Emenda de defectos.*

Os erros ou omisións observados nos asentos e inscricións electrónicos emendaranse de oficio ou por petición do interesado; contra a negativa á emenda poderase reclamar ante a autoridade inmediata superior de quen dependa a que teña ao seu cargo o rexistro, e a resolución que se dite porá fin á vía administrativa.

Artigo 13. *Asignación de código.*

Unha vez que a autoridade laboral competente ordenase a inscrición e publicación do convenio ou acordo colectivo asignaralle un código conforme o establecido no anexo 3 deste real decreto.

O código figurará como identificativo do convenio ou acordo colectivo cando se proceda á publicación do convenio ou acordo colectivo no boletín oficial correspondente.

Artigo 14. *Sistemas de sinatura electrónica admitidos polo Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo.*

A persoa designada pola comisión negociadora ou paritaria, ou, se for o caso, quen presente o escrito debidamente acreditado remitirá a documentación referida nos artigos 6 e 7, xunto coa súa sinatura electrónica conforme o establecido na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.

Para isto poderá utilizar calquera dos sistemas de sinatura electrónica previstos no artigo 13.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Artigo 15. *Documentos orixinais en soporte informático.*

Os documentos en soporte informático realizados pola autoridade laboral competente teñen a consideración de documentos orixinais e encóntranse debidamente rexistrados nos programas e nas aplicacións do procedemento en formato electrónico.



Os documentos electrónicos en soporte informático que os interesados entreguen á autoridade laboral competente deben poder ser impresos e arquivados informaticamente, incluíndo sempre a sinatura electrónica ou mediante a validación de que dispoña o rexistro.

Artigo 16. *Representación legal.*

Para acreditar a representación a través de medios electrónicos, pódese utilizar un dos seguintes mecanismos:

a) Inclusión do apoderamento no certificado recoñecido de sinatura electrónica do representante, de acordo coa lexislación vixente de sinatura electrónica.

b) O outorgamento de apoderamento ou de representación suficiente e posterior comprobación pola autoridade laboral competente, por calquera medio aceptado polo ordenamento xurídico. A dita autoridade poderá requirir en calquera momento a acreditación da dita representación.

### CAPÍTULO III

#### **Base de datos central de convenios e acordos colectivos de traballo**

Artigo 17. *Base de datos central de convenios e acordos colectivos de traballo.*

1. As autoridades laborais competentes en materia de convenios e acordos colectivos de traballo, incluída a Administración xeral do Estado, deberán remitir por medios electrónicos á base de datos centralizada no prazo de oito días hábiles todo asento electrónico practicado nos seus respectivos rexistros, así como os datos estatísticos naqueles casos en que así sexa necesario.

Igualmente, deberán remitir por medios electrónicos, no prazo de oito días desde a súa publicación nos boletíns oficiais correspondentes, os enlaces aos ditos boletíns nos cales figure a publicación do texto dos convenios, acordos ou calquera outra comunicación obxecto de publicación.

Esta información integrará a base de datos central de convenios e acordos colectivos de traballo, cuxa xestión corresponde á Dirección Xeral de Traballo do Ministerio de Traballo e Inmigración.

2. A aplicación da base de datos central deberá permitir que se poida realizar a consulta e dar acceso público aos datos incorporados a eles, coa excepción dos referentes á intimidade das persoas segundo o determinado no parágrafo seguinte.

A xestión dos datos que constan nesta base de datos levarase a cabo de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Os datos de carácter persoal non se poderán usar para finalidades incompatibles con aquelas para as que tales datos foron recollidos.

Disposición adicional primeira. *Colaboración entre as autoridades laborais responsables dos rexistros de convenios e acordos colectivos de traballo.*

Mediante convenio de colaboración entre o Ministerio de Traballo e Inmigración e as comunidades autónomas articularase a colaboración entre as autoridades laborais responsables dos rexistros de convenios e acordos colectivos de traballo. As comunidades autónomas poderán utilizar aplicacións informáticas propias ou ben adherirse á aplicación informática constituída no Ministerio de Traballo e Inmigración.

Disposición adicional segunda. *Depósito de convenios e acordos de eficacia limitada e acordos de empresa.*

Cando se solicite o depósito de convenios ou acordos colectivos de eficacia limitada ou acordos de empresa non incluídos no artigo 2.1.h) deste real decreto nos rexistros das autoridades laborais, deberase remitir por medios electrónicos o seu texto, así como cubrir os datos estatísticos e identificativos que figuran nos anexos 1 e 2. Así mesmo, poderase

solicitar o depósito dos acordos que aproben os plans de igualdade de empresa que carezan de convenio colectivo propio que e non deriven do establecido nun convenio sectorial.

Disposición adicional terceira. *Certificados de sinatura electrónica.*

Os certificados que autentifican a citada sinatura electrónica deberán ser conformes coa recomendación da UIT X. 509 versión 3 ou superior e coas normas adicionais a que se refire o artigo 4 da citada Lei 59/2003, do 19 de decembro.

Disposición transitoria primeira. *Procedementos en tramitación.*

As solicitudes de rexistro presentadas con anterioridade á data de entrada en vigor deste real decreto tramitaranse conforme o establecido no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, de rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo.

Disposición transitoria segunda. *Rexistros actuais.*

As administracións laborais competentes adoptarán as medidas pertinentes para garantir a conservación dos datos que constan nos rexistros actualmente existentes.

Disposición derogatoria. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto, especialmente o Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, de rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo, así como a Orde do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, do 24 de febreiro de 1992, pola que se establecen novos modelos de follas estatísticas de convenios colectivos de traballo e a Orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, do 10 de outubro de 1996, pola que se amplía o contido das actuais follas estatísticas de convenios colectivos de traballo.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.7ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas.

Disposición derradeira segunda. *Dereito supletorio.*

No non previsto expresamente neste real decreto observárase o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos e a súa normativa de desenvolvemento.

Disposición derradeira terceira. *Facultades de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Traballo e Inmigración para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento do establecido neste real decreto, así como para modificar os modelos oficiais que figuran no anexo 2.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de outubro de 2010.

Dado en Madrid o 28 de maio de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Inmigración  
CELESTINO CORBACHO CHAVES



## ANEXO 1

## DATOS QUE SE FACILITARÁN PARA O REXISTRO DE CONVENIOS E ACORDOS COLECTIVOS

## I. Datos identificativos do convenio, acordo ou comunicación que se vai inscribir ou depositar

- I.1 Denominación do convenio, acordo, ou comunicación .....
- I.2 Denominación da empresa .....
- I.3 Código .....
- I.4 Natureza:

Código	Natureza
01	Convenio colectivo
02	Adhesión a convenio ou acordo colectivo
03	Laudo arbitral
04	Acordo de mediación
05	Acordo de fin de folga
06	Extensión de convenio
07	Acordo marco
08	Acordo sectorial sobre materias concretas
09	Acordos interprofesionais
10	Acordos en empresas españolas de dimensión comunitaria ou mundial (artigo 2.1.g)
11	Acordos sobre plans de igualdade (artigo 2.1.f)
12	Outros acordos inscribibles (artigo 2.1.h)
16	Convenio ou acordo de eficacia limitada (DA 2ª)
17	Acordos de empresa para o seu depósito (DA 2ª)

## I.4.1 Contido

Código	Materia
01	Formación profesional
02	Solución extraxudicial de conflitos
03	Estrutura da negociación colectiva
04	Prevención de riscos laborais
05	Clasificación profesional
06	Distribución irregular da xornada
07	Modificación substancial das condicións de traballo
08	Dereitos de información e participación
09	Accións de responsabilidade social das empresas
10	Outras materias

## I.5 Acto concreto para o cal se solicita a inscrición

Código	Acto
1	Texto do acordo ou comunicación
2	Inicio de negociacións
3	Revisión salarial
4	Modificación parcial do articulado
5	Prórroga
6	Denuncia
7	Comunicación da comisión paritaria
8	Impugnación por instancia de parte

## II. Ámbitos do convenio, acordo ou comunicación que se vai inscribir ou depositar

### II.1 Ámbito funcional:

Código	Alcance
0	Convenios ou acordos franxa
1	Un ou varios centros dunha empresa
2	Empresa ou todos os centros dunha empresa
3	Grupo de empresas
4	Sector inferior á provincia (comarcal, local, etc.)
5	Sector igual ou superior á provincia

### II.2 Ámbito persoal

Código	Ámbito
01	Todos os traballadores, incluídos os dos campos 2 e 3.
02	Existen exclusións por razóns do posto ou función desempeñada (persoal de dirección)
03	Existen exclusións por ser unha relación de carácter especial (artigo 2 ET)
04	Outras exclusións
05	Unha ou varias categorías profesionais

II.3 Ámbito temporal: débense expresar as datas de inicio e final dos efectos do acordo ou comunicación ou, de ser o caso, da súa prórroga.

### II.4 Ámbito xeográfico .....

Expresaranse as provincias en que existen centros de traballadores afectados polo acordo ou a comunicación.

### II.5 Ámbito territorial

Código	Ámbito
01	Local/comarcal
02	Provincial
03	Interprovincial inferior ao autonómico
04	Autonómico
05	Interprovincial superior ao autonómico
06	Estatal

### II.6 Actividades económicas cubertas polo convenio, acordo ou comunicación: .....

Nos convenios de empresa deberase expresar a actividade principal da empresa con catro díxitos da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 09)

Nos convenios de sector deberanse expresar todas as actividades económicas cubertas polo acordo ou comunicación con catro díxitos da CNAE 09.

## III. Asinantes do convenio, acordo ou comunicación que se vai inscribir ou depositar

### III.1 Representación dos traballadores:

Código	Representante
01	Delegados de persoal e comité de empresa
02	Seccións sindicais
03	Comité intercentros
04	Sindicatos
06	Outros

III.2 Organizacións sindicais asinantes:

Código	Sindicato
01	CC.OO.
02	UGT
03	USO
04	Outros sindicatos
05	Grupo de traballadores independentes
06	ELA
07	CIG

III.3 Asociacións empresariais asinantes: .....

Débase indicar a asociación ou asociacións empresariais que participaron na sinatura do acordo.

ANEXO 2.I  
FOLLA ESTADÍSTICA DE CONVENIOS COLECTIVOS DE EMPRESA (1)

<b>INSTRUCCIÓN DE FORMALIZACIÓN</b> - Escriba con letra clara e maiúscula. Non cubra os espazos sombreados - Os datos referentes a incrementos salariais e do índice de prezos de consumo consignaranse con dous decimais			
<b>DATOS PARA CUBRIR POLA ADMINISTRACIÓN</b>	Código de rexistro estatístico	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Código de convenio	Data de rexistro pola autoridade laboral	ano	mes
		N.º de rexistro estatístico	
		día	mes
		ano	

**DATOS PARA CUBRIR POLA COMISIÓN NEGOCIADORA****1. DATOS RELATIVOS Á EMPRESA.**

1.1. Nome: ..... 1.2. NIF: .....

1.3. Enderezo: .....

Municipio: ..... Provincia: ..... Teléfono: ..... Correo electrónico: .....

**1.4. Titularidade da empresa**Privada 1 Pública (2) 2 Entes da Administración pública (3) 3 

→ Nestes dous casos indíquese a súa pertenza

Admón. central Admón. autonómica Admón. local 

1.5. Actividade económica (4) .....

(5) **2. DATOS RELATIVOS AO CONVENIO.**

2.1. Denominación: .....

**2.2. Ámbito funcional de aplicación:**Único para toda a empresa ou todos os centros de traballo da empresa 1 Grupo profesional dentro da empresa: convenios franxa 2  → Neste caso, indíquese a que grupo ou grupos afecta: .....Centro de traballo da empresa: un ou varios pero non todos 3  → ¿Existen outros convenios para outros centros? SI  NON Grupo de empresas (6) 4  → Neste caso indíquese o n.º de empresas afectadas **2.3. Natureza do acordo:**Convenio colectivo 1 Adhesión a outro convenio 2  → Neste caso, indíquese a denominación do convenio a que se adhira: .....Laudo arbitral 3 Extensión 4  → Neste caso, indíquese a denominación do convenio estendido: .....Extraestatutario 6 Outro 5  → Neste caso, indíquese a natureza do acordo: .....**2.4. Ámbito territorial de aplicación:**Provincial 1  → Neste caso, indíquese a provincia ..... (7) Autonómico (8) 2  → Nestes casos, relacione no ANEXO desta folia as provincias implicadas e o número deInterautonómico (9) 3  traballadores/as afectados en cada unha delas. 2.5. ¿É primeiro convenio? SI  NON 2.6. Data de constitución da mesa negociadora:  día  mes  ano2.7. Data sinatura do convenio:  día  mes  ano**2.8. Ámbito temporal:**Anual 1  Plurianual 2  Período total de vixencia: Desde  día  mes  ano ata  día  mes  anoPeríodo total de vixencia dos efectos económicos: Desde  día  mes  ano ata  día  mes  ano2.9. ¿Pactouse a exclusión expresa da prórroga? SI  NON 2.10. Número de traballadores/as afectados: Total  Homes  Mulleres **3. CLÁUSULAS SOBRE RETRIBUCIÓN SALARIAL.**

**3.1. PRIMEIRO OU ÚNICO ANO DE VIXENCIA** (nos convenios con vixencia plurianual, as retribucións salariais para os sucesivos anos de vixencia cubriranse **obligatoriamente ao inicio de cada ano** no anexo 2.IV, de forma que os datos consignados sexan o resultado de negociación ou concreción posterior mediante un acto expreso da comisión a que o convenio atribúe esta misión e, por tanto, respondan á realidade que hai que aplicar en cada un dos anos, independentemente do que se puidese pactar antes da sinatura do convenio).

3.1.1. Período de efectos económicos das condicións salariais: Desde  día  mes  ano ata  día  mes  ano



## 3.2. ¿Establécese a estrutura do salario?

SI  NON 

En caso afirmativo, cubra os seguintes puntos:

## 3.2.1. Establécese algún dos complementos salariais que figuran a continuación

SI  NON 

3.2.1.1. ¿Páctanse complementos por antigüidade?

SI  NON 

3.2.1.2. ¿Páctanse outros complementos persoais do traballador/a (titulación, idiomas...)?

SI  NON 

3.2.1.3. ¿Páctanse complementos salariais relacionados co posto de traballo (penosidade, traballo por quendas, polivalencia, traballo en festivos)?

SI  NON 

En caso afirmativo, indique o tipo de complemento:

Penosidade SI  NON Perigosidade SI  NON Insalubridade SI  NON Polivalencia funcional SI  NON Traballo por quendas SI  NON Traballo nocturno SI  NON Traballo en festivos SI  NON Responsabilidade SI  NON 

3.2.1.4. ¿Páctanse complementos salariais ou outras medidas relacionadas co absentismo?

SI  NON 

3.2.1.5. ¿Páctanse complementos salariais relacionados coa cantidade e calidade do traballo realizado polo traballador/a ou grupo de traballadores/as (primas, incentivos, complemento de rendemento, complemento de produtividade, cumprimento de obxectivos)?

SI  NON 

3.2.1.6. ¿Páctanse complementos salariais relacionados coa situación e resultados da empresa?

SI  NON 

## 3.3. ¿Establécese complementos ou retribucións específicas polo traballo nocturno?

SI  NON 

## 4. CLÁUSULAS SOBRE XORNADA LABORAL, VACACIÓNS E PERMISOS PACTADOS.

4.1. PRIMEIRO OU ÚNICO ANO DE VIXENCIA (a xornada de vacacións pactadas para os sucesivos anos de vixencia, nos convenios plurianuais, cubrirase **obligatoriamente ao inicio de cada ano** no anexo 2.IV, de forma que os datos consignados sexan o resultado de concreción posterior mediante un acto expreso da comisión a que o convenio atribúe esta misión e, por tanto, respondan á realidade que se aplicará en cada un dos anos, independentemente do que se puidese pactar antes da sinatura do convenio).

4.1.1. Indíquese o número de horas pactadas por traballador/a. (En caso de que non fosen as mesmas para todos os traballadores/as, consígnense as que afectan o maior número deles):

Horas/semana     
horas minutos

e/ou Horas/ano   
horas

4.1.2. ¿Reduciuse a xornada pactada respecto á existente no período anterior?

SI  NON 

En caso afirmativo, indíquese a xornada vixente no dito período anterior:

Horas/semana     
horas minutos

e/ou Horas/ano   
horas

4.1.3. Número de días de vacacións anuais pactadas por traballador/a (en caso de que non fose o mesmo número de días para todos os traballadores/as, consígnese o que afecte a maioría deles).

Días naturais  Días laborables  Indíquese se a semana laboral é de 5 ou 6 días:  días

4.1.4. ¿Pactáronse pontes ou outros días non recuperables que non se inclúen na epígrafe de vacacións anuais?

SI  NON 

En caso afirmativo, indíquese o n.º de días por: Pontes non recuperables  días Outros días non recuperables  días

4.2. ¿Páctase a posibilidade de establecer distribucións irregulares da xornada de traballo ao longo do ano?

SI  NON 

4.3. ¿Establécese a participación dos representantes dos traballadores/as na distribución irregular da xornada?

SI  NON 

4.4. ¿Acórdanse xornadas ordinarias de traballo superiores a nove horas diarias?

SI  NON 

4.5. En xornada continuada de máis de 6 horas ¿considérase tempo de traballo efectivo o período de descanso establecido legalmente?

SI  NON 

4.6. ¿Acordouse a compensación do traballo nocturno por descansos?

SI  NON 

4.7. ¿Prevese a acumulación dos días de descanso semanal por períodos de ata catorce días?

SI  NON 

4.8. ¿Recóllese réxime de traballo por quendas?

SI  NON 

4.9. ¿Establécese medidas para facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral?

SI  NON 

En caso afirmativo, indique o tipo:

Adaptación de xornada SI  NON Redución de xornada (en caso de non estar prevista pola lexislación vixente) SI  NON 

4.10. ¿Prevese outros permisos retribuídos por circunstancias familiares ou persoais que melloren o establecido na lexislación vixente?

SI  NON 

En caso afirmativo, indique se a mellora se produce en relación:

Coa duración dos permisos SI  NON  Coa inclusión de novos permisos SI  NON 

4.11. ¿Establécese medidas en materia de excedencia por coidado de familiares que melloran o establecido na normativa vixente?

SI  NON 

4.12. ¿Establécese a posibilidade de acumular o dereito a lactación en xornadas completas?

SI  NON



**5. CLÁUSULAS SOBRE HORAS EXTRAORDINARIAS.****5.1. ¿Pactouse sobre algunha/s das cláusulas relativas a horas extraordinarias seguintes?**SI  NON 

En caso afirmativo, sinállese a continuación o tipo de cláusula:

Eliminación de horas extraordinarias SI  NON  Redución respecto ao tope máximo legal SI  NON Redución respecto ao ano anterior SI  NON **5.2. ¿Compénsanse as horas extraordinarias mediante aboamento en diñeiro?**SI  NON 

En caso afirmativo, ¿a súa valoración é superior á da hora ordinaria?

SI  NON **5.3. ¿Compénsanse as horas extraordinarias mediante tempo de descanso?**SI  NON 

En caso afirmativo, ¿pódense acumular e desfrutar en períodos de tempo superiores aos previstos legalmente?

SI  NON **5.4. ¿Establécese a obrigatoriedade de realizar horas extraordinarias?**SI  NON **6. CLÁUSULAS SOBRE EMPREGO E CONTRATACIÓN.****6.1. ¿Pactouse sobre algunha/s das cláusulas relativas ao emprego que figuran a continuación?**SI  NON 

En caso afirmativo, sinállese a continuación o tipo de cláusula:

Creación neta de emprego SI  NON Creación de emprego por xubilación anticipada (contratos de revezamento) SI  NON Mantemento de emprego SI  NON **6.2. ¿Defínense postos de traballo destinados con preferencia a traballadores/as con discapacidade?**SI  NON **6.3. ¿Pactáronse cláusulas sobre contratación?**SI  NON 

En caso afirmativo, cúbranse os seguintes puntos:

6.3.1. ¿Páctase a conversión de contratos temporais en indefinidos? SI  NON 6.3.2. ¿Páctanse límites ao número máximo de contratos temporais? SI  NON 6.3.3. ¿Pactáronse cláusulas dirixidas a previr encadeamento de contratos? SI  NON 6.3.4. ¿Pactáronse cláusulas sobre utilización de servizos das empresas de traballo temporal? SI  NON 6.3.5. ¿Pactáronse cláusulas sobre externalización de determinadas actividades (subcontratación ou cooperativas de traballo asociado)? SI  NON 6.3.6. Para o período de proba, ¿establécese unha duración máxima distinta á establecida no art. 14 do ET? SI  NON Inferior ao máximo legal SI  NON Superior ao máximo legal SI  NON 6.3.7. Para os contratos de obra ou servizo, ¿determinanse os traballos ou tarefas que poden cubrirse mediante os ditos contratos? SI  NON 6.3.8. ¿Pactáronse cláusulas relativas aos contratos eventuais ou por circunstancias da produción? SI  NON 

En caso afirmativo, cúbranse os seguintes puntos:

6.3.8.1. ¿Determinanse as actividades en que poden contratarse traballadores/as eventuais? SI  NON 6.3.8.2. ¿Páctase algún criterio sobre a relación entre o n.º de contratos eventuais e o cadro de persoal da empresa? SI  NON 6.3.9. ¿Pactáronse cláusulas relativas ao contrato de traballo en prácticas? SI  NON 

En caso afirmativo:

6.3.9.1. ¿Páctanse retribucións superiores ás mínimas previstas legalmente? SI  NON 6.3.10. ¿Pactáronse cláusulas relativas ao contrato para a formación? SI  NON 

En caso afirmativo, cúbranse os seguintes puntos:

6.3.10.1. En caso de que exista na empresa un plan formativo, ¿Establécese no convenio o n.º máximo de contratos para a formación en función do tamaño do cadro de persoal? SI  NON 6.3.10.2. ¿Páctase o tempo e forma dedicado á formación teórica? SI  NON 6.3.10.3. ¿Páctanse retribucións maiores que as mínimas previstas legalmente? SI  NON 

6.3.11. ¿Pactáronse cláusulas relativas ao contrato a tempo parcial?

En caso afirmativo:

6.3.11.1. ¿Elévase a porcentaxe máxima de horas complementarias por encima do que establece o ET? SI  NON **6.4. ¿Páctase a subrogación contractual en caso de sucesión do empresario ou cando se produce un cambio de contrata?**SI  NON **7. CLÁUSULAS SOBRE IGUALDADE E NON DISCRIMINACIÓN****7.1. ¿Estableceuse un plan de igualdade?**SI  NON 

En caso afirmativo, indíquese se está:

¿Regulado no convenio? SI  NON ¿Regulado nun acordo de empresa específico? SI  NON 

En caso negativo:

¿Remite o convenio a un acordo futuro de empresa? SI  NON

- 7.2. ¿Regúlanse as medidas dirixidas a promover a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes nalgún dos seguintes casos?** SI  NON   
 En caso afirmativo, indique cales:  
 Contratación SI  NON  Promoción SI  NON  Estabilidade no emprego SI  NON   
 Formación SI  NON  Salarios SI  NON
- 7.3. ¿Establécense medidas de preferencia a favor do sexo menos representado (accións positivas)?** SI  NON   
 En caso afirmativo, indique se se trata de medidas relativas a:  
 Contratación SI  NON  Promoción SI  NON   
 Formación SI  NON  Adaptación da xornada laboral á vida familiar SI  NON
- 7.4. ¿Establécense medidas para previr o acoso sexual ou o acoso por razón de sexo?** SI  NON
- 7.5. ¿Regúlanse medidas para a protección das vítimas de violencia de xénero?** SI  NON
- 7.6. ¿Regúlanse as medidas dirixidas a promover a igualdade de trato e de oportunidade independentemente da nacionalidade, idade, relixión, etc.?** SI  NON
- 8. CLÁUSULAS SOBRE FORMACIÓN E CUALIFICACIÓN.**
- 8.1. ¿Pactáronse cláusulas sobre formación profesional?** SI  NON   
 En caso afirmativo, sinálese a continuación o tipo de cláusula  
 Cursos de formación SI  NON  Permisos retribuídos para a formación SI  NON   
 Vinculados a procesos de mobilidade ou de promoción SI  NON
- 8.2. ¿Páctase a participación da representación dos traballadores/as nas necesidades formativas?** SI  NON
- 8.3. ¿Páctase a adaptación ao Sistema Nacional de Cualificacións?** SI  NON
- 9. CLÁUSULAS SOBRE CLASIFICACIÓN PROFESIONAL E MOBILIDADE FUNCIONAL**
- 9.1. ¿Establécese o sistema de clasificación profesional dos traballadores/as mediante a definición e funcións de grupos profesionais, categorías profesionais ou niveis retributivos?** SI  NON   
 En caso afirmativo, cúbrase o que corresponda:  
 Categorías profesionais SI  NON  Grupos profesionais SI  NON   
 Niveis retributivos SI  NON
- 9.2. ¿Establécese polivalencia funcional?** SI  NON
- 9.3. ¿Regúlase a mobilidade funcional?** SI  NON
- 10. CLÁUSULAS SOBRE XUBILACIÓN.**
- 10.1. ¿Pactáronse cláusulas sobre xubilación?** SI  NON   
